



O MUSEO EN CAMIÑO

ACTIVIDADE 10

Ás cegas: reconstrución onírica e experimental

ACT. 10

Ás cegas: reconstrución onírica e experimental

FICHA TÉCNICA DA OBRA

Título: *Santa Trega*

Autor/a: Urbano Lugrís (A Coruña, 1908 -
Vigo, 1973)

Data: Ca. 1957

Técnica: Pintura mural



Representación de santa Trega nunha pintura mural composta de pedazos de muro. Unha obra colorista, característica da pintura de Lugrís, presenta a santa nun ambiente onírico cargado de simboloxía (a cabaza, a folla de palma, a casa) dentro

dunha paisaxe mariña. O mar é un dos temas primordiais da súa produción artística; de feito, Lugrís asina as súas creacións co seu apelido e unha áncora debuxada.

ACTIVIDADE

Actividade de creación artística a partir dunha imaxe incompleta da obra de Lugrís.

Para que?

- Coñecer obras e artistas da arte galega do século XX.
- Achegar os nenos e as nenas á linguaxe artística e aos modos de representación pictórica.
- Coñecer os movementos de vangarda: surrealismo e simbolismo.
- Experimentar diferentes procesos creativos para a creación dunha obra propia.

Contidos

- A arte galega. Lugrís e a súa obra.
- Elementos da linguaxe plástica: composición.
- Figura-fondo.
- A cor.
- O proceso creativo.

Como se fai?

1.º Actividade de creación plástica: cada participante recibe un cartón (groso) traballado con látex para darlle máis textura, sobre o que está impresa ou ben a figura ou ben o fondo da obra de Lugrís. A partir da imaxe dada, cada neno/a debe continuar a súa creación mediante a experimentación plástica.

2.º Actividade expositiva: montar unha exposición conxunta con todas as obras, ver e falar sobre os diferentes traballos.

Duración

1:30 h.

Agrupamentos

Individual.

Materiais e recursos

Tableiros de cartón pedra de tamaño A3 (aproximado) montados coa imaxe incompleta da peza e preparados para a aplicación de pinturas, pinturas (augada). Imaxe de Lugrís.

